

Falece a autora e xornalista valenciana Isabel-Clara Simó, Escritora Galega Universal 2018

Redacción | 13 de xaneiro de 2020



A escritora Isabel Clara-Simó faleceu na mañá desta segunda feira aos 76 anos de idade en Alcoi, a súa localidade natal. A propia autora recoñecera hai uns meses publicamente que padecía unha enfermidade dexenerativa.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) nomeou [Isabel-Clara Simó como Escritora Galega Universal 2018](#), unha decisión que tomaba, afirmou daquela “desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da altísima calidade literaria da súa obra, así como por ter defendido e defender a lingua, a cultura e a dignidade nacional dos Països Catalans”.

Isabel-Clara Simó era licenciada en filosofía e en xornalismo, e doutorada en Filoloxía Románica. Como xornalista dirixiu o semanario Canigó e colabora habitualmente en diversos medios de prensa escrita, radio e televisión. Foi delegada do Libro do Departamento de Cultura da Generalitat de Catalunya, profesora da Universitat Pompeu Fabra e vicepresidenta da Associació d'Escriptors en Llengua Catalana.

Da súa obra literaria destacan, entre moitas outras obras, *És quan miro que hi veig clar* (1979), *Alcoi - Nova York* (1985), *Històries perverses* (1992), *Perfils cruels* (1995), *Dones* (1997), *Estimats homes (una caricatura)* (2002), *Angelets* (2004), *Amor meva* (2010), *Els invisibles* (2013), ou *Jonàs* (2016)

Cabe destacar tamén o seu labor xornalístico, do que recolleu parte dos seus mellores artigos no volume *En legítima defensa* (2003); e a ensaística, con ensaios como *Sobre el nacionalisme* (2000) e *Si em necessites, xiula* (2005). Publicou máis de cincuenta títulos pertencentes a diversos xéneros: novela, narrativa breve, narrativa xuvenil, teatro, poesía, guións radiofónicos e televisivos, ensaio, memorias, etc. Foi galardoada co Premio Sant Jordi, o Premio da Crítica Serra d'Or, o Premio de Honor das Lletres Catalanes, entre moitos outros. Desde o 2016 é a decana da Institució de les Lletres Catalanes.

Con reedicións constantes da súa obra e traducións a diversos idiomas, entre elas ao galego (Raquel e Xoel), Isabel-Clara Simó é unha das figuras máis populares da literatura actual en lingua catalá.

Podes ver este artigo na próxima dirección